

## **INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

**ASUNTO: CONTRATACION DO SERVIZO CONSISTENTE NA REALIZACION DA CREATIVIDADE, PRODUCCIÓN E EDICION DUN AUDIOVISUAL DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE LUGO E A PLANIFICACION E COMPRA DE MEDIOS PARA A SÚA DIFUSIÓN. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN.**

### **ANTECEDENTES**

I. Prego de condicións técnicas que rexerá a contratacion do servizo consistente na realizacion da creatividade, produción e edicion dun audiovisual de promoción turística de Lugo e a planificacion e compra de medios para a súa difusión elaborado polo Servizo de Cultura e Turismo.

II. Informe de Intervención no que se pon de manifesto a existencia de consignacion por importe de 170.000 euros na aplicación orzamentaria 43200.22799 do vixente Orzamento

III. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación de referencia redactado polo servizo de contratación do Concello con data 14 de xaneiro de 2011

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

- Real Decreto 817/2009 de desenvolvemento parcial da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.
- 

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.** O presente contrato pode ser cualificado como un contrato de servizos recollido e regulado no artigo 12 da LCSP e que ten por obxecto a contratacion dun servizo consistente na realizacion da creatividade, produción e edicion dun audiovisual de promoción turística de Lugo e a planificacion e compra de medios para a súa difusión e que pode incluírse dentro do ANEXO II categoría 26 da LCSP.

**Segunda.** O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 99 da LCSP e 67.3 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o aberto, previsto e regulado polos artigos 122, 141 e seguintes da LCSP. No prego de cláusulas administrativas particulares determinanse os criterios de adxudicación e aspectos económicos e técnicos, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP.

**Terceira.** En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, e a normativa específica de aplicación, propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Aprobar a CONTRATACION DO SERVIZO CONSISTENTE NA REALIZACION DA CREATIVIDADE, PRODUCCIÓN E EDICION DUN AUDIOVISUAL DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE LUGO E A PLANIFICACION E COMPRA DE MEDIOS PARA A SÚA DIFUSIÓN.

**SEGUNDO.** Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas que rexerán na licitación sinalada no parágrafo anterior, do seguinte teor literal:

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACION DO SERVIZO CONSISTENTE NA REALIZACION DA CREATIVIDADE, PRODUCCIÓN E EDICION DUN AUDIOVISUAL DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE LUGO E A PLANIFICACION E COMPRA DE MEDIOS PARA A SÚA DIFUSIÓN.**

#### **PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.**

É obxecto deste contrato a realizacion da creatividade, produción e edición dun audiovisual promocional de Lugo como destino turístico todo elo segundo o prego de condicións técnicas elaborado pola xefa de sección de cultura e turismo

CPV – 92111200-4 .- Producción de películas e videocintas de publicidade, propaganda e informacion

CNAE 2009: 59.1 Actividades cinematográficas, de video e programas de televisión

#### **SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO**

Trátase dun contrato de servizos , recollido e regulado no artigo 12 da LCSP e que ten por obxecto a realizacion da creatividade, produción e edición dun audiovisual promocional de Lugo como destino turístico todo elo segundo o prego de condicións técnicas elaborado pola xefa de sección de cultura e turismo e que pode incluírse dentro do ANEXO II categoría 26 da LCSP.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 de desenvolvemento parcial da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modifícalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

### **TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN**

O prazo máximo para a execución deste contrato consistente na realización da creatividade, produción e edición deo audiovisual e emisión de spot publicitario será de DOUS MESES contados dende o día seguinte ó da formalización do contrato e como data tope o 15 de abril de 2011. Terase en conta o establecido no apartado 6 do prego de condicións técnicas.

### **CUARTA. PREZO DO CONTRATO**

1.- O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 144.067,80 euros polo que incluído o IVE 18% ( 25.932,20 euros) resulta un presuposto total de 170.000 euros sen prexuízo da baixa ofertada polos licitadores.

Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación orzamentaria 43200.22799 do orzamento xeral de 2010.

#### **QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.**

O presente contrato adxudicarase polo procedemento aberto previsto e regulado polos artigos 122, 141 e seguintes da LCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 43 e seguintes da LCSP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuira a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

#### **SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.**

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A solvencia técnica deberá ser xustificada obrigatoriamente polos medios seguintes:

- 1. Unha relación dos principais servizos ou traballos de natureza similar aos que se describen no presente contrato, realizados no curso dos tres últimos anos, que inclúa descrición da actividade desenvolvida, importes similares aos de este contrato, datas e beneficiarios, públicos ou privados dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por éste ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.
- 2. Informe das titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
- 3. Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

4. Compromiso de adscribir á execución do contrato os medios personais ou materiais suficientes para elo.
5. Relación numerada dos documentos aportados.

### SÉTIMA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 91 da LCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adjudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 135.2 da LCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 84 LCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.

### OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello ([www.lugo.es](http://www.lugo.es))

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

### NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN.

As empresas presentarán a súa proposición en **tres sobres pechados**, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras **A - Documentación administrativa**, **B - Proposta técnica relativa ós criterios de adxudicación non avaliados automaticamente ( PROPSOTA TÉCNICA)** e **C-Proposición económica e relativa a criterios avaliados automaticamente ( OFERTA ECONÓMICA)**

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil. O mesmo tratamento terá no caso de coincidir este día co 22 de maio ou o 24 e 31 de decembro que se prorrogará ó primeiro día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificarla data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

### DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.

O sobre denominado (A), documentación administrativa, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:



a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado polo titular da asesoría xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboarse a correspondente taxa (9,90 euros aprox.). Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica e profesional polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

- Declaración responsable do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentado, antes da adxudicación polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

-Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei

reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto legislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado do Rexistro deste Excmo. Concello.

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.
  - Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:
    - Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, se non, que actúan con habitualidade no tráfico local.
    - Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 44 da Lei de contratación do Sector Público.
    - Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que poidesen xurdir durante a formalización e execución do contrato.
- Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que achegar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán

**A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B ou C no sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición**

**O SOBRE DENOMINADO B, Proposta técnica relativa ós criterios de adxudicación non avaliados automaticamente ( PROPOSTA TÉCNICA)**, conterá **exclusivamente** toda a documentación técnica necesaria para a valoración das proposición ofertadas, de acordo cos criterios non valorados automaticamente que se indican na **cláusula décimo segunda apartado 12.2.**

**O sobre “B” non poderá conter información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes acadarían en base ós criterios do Sobre “C”**

**O incumprimento de esta condición, dará lugar a exclusión automática do procedemento de adxudicación.**

**O SOBRE DENOMINADO C, Oferta económica e relativa a criterios avaliados automaticamente,** conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don ....., con domicilio en ..... e DNI número ....., expedido o ....., en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de ....., con DNI ou CIF nº .....), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACION DO SERVIZO CONSISTENTE NA REALIZACION DA CREATIVIDADE, PRODUCCIÓN E EDICION DUN AUDIOVISUAL DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE LUGO E A PLANIFICACION E COMPRA DE MEDIOS PARA A SÚA DIFUSIÓN.**

b) Propón como **prezo** do contrato:

..... euros sen IVE

..... 18% IVE

..... euros IVE incluído.

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

**FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN:**

1º.- En aras a simplificar e facilitar a avaliación das ofertas, as empresas licitadoras presentarán unicamente a documentación necesaria para a valoración das ofertas, abstendose de achegar folletos publicitarios das empresas ou outra documentación que nada engada á valoración. Se é o caso solicitarase as aclaracións oportunas por parte do técnico competente.

2º.- A documentación deberá presentarse de modo que se facilite o seu arquivo en archivadores para folio prolongado ( 388x275x116 mm). En consecuencia os envoltorios, caixas, archivadores, embalaxas onde se presenten os documentos deberán ser retirados polas empresas licitadoras no prazo máximo de un mes dende a adxudicación definitiva, e no seu caso, serán destruídos polo Concello.

**DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓN.**

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sra Concelleira delegada da área de economía e emprego.

VOCAIS:

- O Concelleiro delegado de Área de Cultura, Deportes, Educación e Turismo
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa
- A titular da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura dos sobres B ( PROPOSTA TÉCNICA) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día

coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B, convocarase ós licitadores a un acto público de lectura do informe de valoración e apertura da documentación incluída nos sobre C, tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

Para a valoración da documentación contida no sobre B reunirase o Comité de Expertos.

## **DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACION**

Para a adxudicación valoraranse, conforme ao punto 5 do prego de condicións técnicas, os seguintes aspectos e ata un máximo de 100 puntos:

### **12.1.- CRITERIOS VALORABLES AUTOMÁTICAMENTE ( OFERTA ECONÓMICA) : ATA 10 PUNTOS.**

A valoración da oferta económica efectuarase de conformidade coa seguinte formulación:

$$\text{Puntos oferta n} = \frac{10 \times \text{prezo mellor oferta}}{\text{Prezo oferta n}}$$

### **12.2.- CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE ( PROPOSTA TÉCNICA): ATA 90 PUNTOS DESGLOSADOS COMO SEGUE:**

#### **12.2.1.- Proposta de creatividade, produción e edición do audiovisual: ata 58 puntos desglosados como segue:**

- Deseño, creatividade e guión.....ata 16 puntos
- Espectacularidade, impacto visual e enfoque publicitario.....ata 16 puntos
- Recursos humanos e materiais.....ata 14 puntos

- Cronograma de traballo .....ata  
12 puntos

### 12.2.2.- Planificación e compra de medios: ata 32 puntos

- Proposta de medios seleccionados en función da prioridade dos mercados obxectivo .....10 puntos, coa seguinte distribución:
  - Cadenas de cobertura nacional: 5 ptos.
  - Cadenas de cobertura autonómica: 3 ptos.
  - Cadenas de cobertura local: 2 ptos.
- Posicionamento: como mínimo, un 50% en Prime Time nos programas de máxima audiencia.....  
.. 10 puntos
- Número de emisións en cada medio vinculadas ao cronograma da campaña.....6 puntos
- GRP'S.....  
....6 puntos

**As empresas licitadoras deberán obter un mínimo de corenta e cinco (45) puntos na valoración dos criterios non avaliados automaticamente ( PROPOSTA TÉCNICA) para poder continuar no procedemento e procederse polo tanto á valoración da oferta contida nos sobres C (Criterios avaliados automáticamente).**

Para a valoración da **Proposta técnica relativa ós criterios de adxudicación non avaliados automáticamente** e tendo en conta o sinalado no artigo 134 da LCSP, deberá constituírse un **comité formado por expertos na materia** non integrados no órgano proponente do contrato que serán tres técnicos competentes do Concello de Lugo ou, se non fora posible, por tres profesionais con coñecementos na materia, ó que corresponderá a avaliación das proposicións conforme ós criterios sinalados. Os membros do comité serán designados por resolución da Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego.

O Comité de Expertos disporá dun prazo de dez días hábiles dende a solicitude do informe, para efectuar a valoración e levantar a acta correspondente que será remitida á Mesa de Contratación que procederá á

apertura, en acto público, dos sobres (C) **Proposición económica e relativa a criterios avaliables automáticamente** e á súa valoración.

### **DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN**

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que , dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 139 da LCSP.

### **DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso houbera esixido.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

#### **DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.**

1. Os traballos executaranse con estricta suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato ( un funcionario/a da área de cultura e turismo), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 194, 195, 202 e 272 da LCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4.- Os gastos necesarios para a execución do contrato serán por conta do adxudicatario.

#### **DÉCIMO SEXTA. GASTOS**



Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato (300 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase así mesmo obrigado, se fose necesario, ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

#### **DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.**

- O contratista estará obrigado a cumprir-las disposicións vixentes en materia de protección da industria.
- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.
- O contratista comprométese a adopta-las medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativo que garantan a seguridade dos datos que lles sexan facilitados ou ós que teñan acceso co fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado e a gardar sxiilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación co Concello de Lugo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de prevención de riscos laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

- 1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.
  - a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.
  - b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presenta-la acta da súa constitución.
  - c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

- O contratista está obrigado a manter vixente, durante a vixencia do contrato, unha póliza de seguros que cubra a súa responsabilidade civil.

#### **DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS**

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente ó presente prego, ó prego de condicións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto no LCSP e calquera outra normativa aplicable.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou

a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

### **DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO.**

O pagamento efectuarase contra factura conformada polo responsable do contrato, o Concelleiro Delegado de Cultura, Deportes, Turismo e Educación , así como pola Concelleira Delegada da área de economía e emprego.

O prezo do contrato aboarase da forma establecida no apartado 12 do prego de condicións técnicas e en particular:

- O 50% ó terminar os traballos de produción dos audiovisuais obxecto do contrato ofertados polo adxudicatario.
- O 50% restante despois de finalizar a campaña de medios e emisión.

En caso de incumprimento polo cotnratista das obrigas derivadas do contrato, as ditas responsabilidades exercitaráanse sobre a garantía definitiva.

### **VIXÉSIMA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.**

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 275 da LCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

### **VIXÉSIMO PRIMEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS**

Contra os actos que se relacionan no artigo 310.2 da LCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratacion por non atoparse nos supostos descritos no artigo 310, e de

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refª: proposta servizo campaña promocion  
audiovisual

Asunto: proposta



conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

**A N E X O****DATOS:**

|                            |  |                   |  |
|----------------------------|--|-------------------|--|
| <b>EMPRESA:</b>            |  |                   |  |
| <b>ENDEREZO:</b>           |  |                   |  |
| <b>LOCALIDADE:</b>         |  | <b>PROVINCIA:</b> |  |
| <b>PERSOA DE CONTACTO:</b> |  |                   |  |
| <b>TELÉFONO:</b>           |  | <b>FAX.:</b>      |  |

**MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA**

|                                                                                       |  |                   |  |
|---------------------------------------------------------------------------------------|--|-------------------|--|
| <b>1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVICIO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA</b> |  |                   |  |
| <b>NOME:</b>                                                                          |  |                   |  |
| <b>ENDEREZO:</b>                                                                      |  |                   |  |
| <b>LOCALIDADE:</b>                                                                    |  | <b>PROVINCIA:</b> |  |
| <b>PERSOA DE CONTACTO:</b>                                                            |  |                   |  |
| <b>TELÉFONO:</b>                                                                      |  | <b>FAX:</b>       |  |
| <b>ESPECIALIDADES CONTRATADAS:</b>                                                    |  |                   |  |
| <b>PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:</b>                                               |  |                   |  |

**\* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º ☐ **COMO MEMBRO DO SERVICIO MANCOMUNADO**

**\* Xuntar a acta de Constitución.**

3º ☐ **TRABALLADOR DESIGNADO**

**Nome e Apelidos:**

**Cargo:**

**NOME EMPRESARIO:  
EMPRESA**

**SELO DA**

**D.N.I.:**

**FIRMA:**

**DATA:**

**PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓN S DE SERVIZOS CONSISTENTES NA REALIZACIÓN DA CREATIVIDADE, PRODUCCIÓN E EDICIÓN DUN AUDIOVISUAL DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE LUGO E A PLANIFICACIÓN E COMPRA DE MEDIOS PARA A SÚA DIFUSIÓN**

**1. OBXECTO DO CONTRATO**

O obxecto do presente concurso é a realización da **creatividade, produción e edición dun audiovisual** promocional de Lugo como destino turístico. Haberá que realizar:

- Audiovisual cunha duración máxima de 7' e mínima de 5' en galego, español e inglés
- Audiovisual cunha duración de 4', con imáxenes e música, como resumo do anterior, áxil e dinámico.
- Spot para televisión de 30''/20'', en galego, español e inglés
- Cuña de radio de máximo 30''

Así mesmo é obxecto do contrato a **planificación e compra de medios para a emisión do spot** obtido do referido audiovisual

**2. XUSTIFICACIÓN DOS TRABAJOS**

O Concello de Lugo participa na *axuda para actividades complementarias aos plans de excelencia/dinamización e dinamización de produto turístico correspondente á iniciativa de modernización de destinos turísticos maduros*, cofinanciada pola Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e polo Concello de Lugo. É no marco desta axuda onde se pretende a realización dunha campaña de promoción do destino Turístico Lugo, Muralla Romana, Patrimonio da Humanidade, co fin de impulsar dito destino unha vez finalizadas as diversas actuacións realizadas en infraestruturas e equipamentos a través do citado Plan de Excelencia Turística.

O obxectivo deste contrato é promover o turismo interno galego e o turismo nacional e dar a coñecer e consolidar a imaxe de Lugo entre todos os cidadáns galegos e españois.

### 3. ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN

Sinálase como prezo máximo para a realización da **creatividade, a produción e a edición do audiovisual**, así como para a **emisión publicitaria en medios de comunicación do spot**, a cantidade de 170.000,00 € IVE (18 %) engadido.

### 4. DESCRICIÓN DOS TRABALLOS A REALIZAR

A prestación de servizos inclúe:

#### 4.1. REALIZACIÓN DA CREATIVIDADE, PRODUCCIÓN E EDICIÓN DUN AUDIOVISUAL

- Creatividade e diseño
- Producción e edición dos audiovisuais e spot
  - o Guión
  - o Localización
  - o Casting
  - o Rodaxe: en 35mm ou sistema de calidade similar para TV e cine
  - o Grabación en DVC PRO 50, calidade Broadcast
  - o Dende o código de tempo 0:00:00, (Minutos:Segundos:Cadros) ata o código 0:49:24, 50 segundos con barras de cor con ton a 0 dB, segundo a normativa da Unión Europea de Radiodifusión. Entre o código 0:50:00 e o 0:59:24, negro. A partir do código 1:00:00 comezo do programa, engadindo 30 segundos con negro ao remate do mesmo.

- o Audio: o audio con calidade Broadcast, terá todas as mesturas definitivas nas canles unha (1) e dúas (2). Así mesmo, contará coa banda de música e efectos (M+E) incorporada nas canles tres (3) e catro (4) para facilitar a dobraxe a outras linguas.
  - o Tradución aos idiomas que correspondan (polo menos galego, español e inglés) e a súa adaptación, sonorización, etc.
- Producción e entrega Master Audiovisual de máximo 7' e mínimo 5' en formato dixital de máxima calidade. Entregaranse 5 copias en DVC PRO 50, calidade Broadcast, e 2 copias en formato para web flv cunha resolución de 450x240. Todos en versión galego, español e inglés.
- Producción e entrega Master Audiovisual 4' formato dixital de alta calidade. Entregaranse 5 copias DVC PRO 50, calidade Broadcast, e 2 en formato para web flv cunha resolución de 450x240. Todos en versión galego, español e inglés.
- Producción e entrega Master Spot de mínimo 20" y máximo 30" en formato dixital de máxima calidade. Entregaranse 5 copias en DVC PRO 50, calidade Broadcast, e 2 en formato para web flv cunha resolución de 450x240. Todos en versión galego, español e inglés.
- Versións especiais do audiovisual de 7': o adxudicatario deberá entregar versións do vídeo, tanto en galego como en español, adaptadas para persoas con discapacidades auditivas e visuais.
- A empresa adxudicataria entregará 2.000 DVD con menú dos 3 audiovisuais realizados (de 7', de 4' e spot de 30") nos 3 idiomas (galego, español e inglés) e 3 DVD coas artes finais da carátula do DVD.
- Producción e entrega de Master cuña de radio de máximo 30".
- Entrega de pezas creativas On-Line: adaptación diferentes formatos de Banner e outros formatos On-Line 970 X 318 / 592 X 94 / 179 X 77 / 179 X 157. Considérase que é conveniente combinar a acción en televisión coa publicidade na páxina web de Turismo de Lugo, trátase dun medio gratuíto que se pode utilizar para reforzar a campaña de televisión, polo que se solicita ao adxudicatario a creatividade e realización dos soportes para esta páxina web e a súa planificación.
- Producción de 2 orixinais: adaptación formato páxina color e media páxina. Tamén se require a realización dun pdf ou similar que presente a campaña ao sector 15-10 días antes do inicio da mesma.
- Entrega dunha selección de imaxes de aproximadamente 10', sen música, locucionado nin diálogo co obxecto de dispor de imaxes para os medios de comunicación. Todas as imaxes gravadas para a realización do vídeo serán orixinais. Non se admitirán imaxes de arquivo, e pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo unha vez se reciba o traballo.

- Música: a música poderá ser orixinal ou ben temas existentes no mercado. Deberá estar relacionada tanto co ritmo como coa temática do guión proposto e deberá especificarse o autor ou autores escollidos para a súa realización ou, no caso de existir no mercado, deberá relacionarse o tema ou temas e os autores. Os permisos de utilización da música a empregar deberán ser cedidos a perpetuidade, posto que o vídeo non vai ser vendido nin cedido con fins de lucro polo Concello de Lugo.
- Locucións necesarias para a realización das pezas audiovisuais. As locucións deberán ser realizadas por locutores nativos nos distintos idiomas (galego, español e inglés) e deberán ser supervisadas pola Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo. No caso de haber grafismos faranse versións destes, e entregárase un master neutro sen grafismos, ou ben incorporaránse as imaxes limpas ao final do master. Tamén se entregarán cabeceiras neutras de entrada e saída.
- Traducións: correrán a cargo do adxudicatario, deberán ser realizadas por especialistas na materia e pasarán á supervisión da Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo, que de non estar correctamente realizadas as devolverá para a súa corrección. Soamente serán admitidas dúas correccións á tradución, unha vez esgotadas estas e, se a xuízo da Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo, seguen a estar con deficiencias resérvase o dereito de entregalas para traducir a especialistas, correndo o adxudicatario cos gastos das traducións realizadas.
- Transporte: Os gastos que puidesen xurdir polo transporte do material técnico e eléctrico, do *atrezzo* e vestiario, o desprazamento do equipo artístico ou técnico, etc., serán a cargo do adxudicatario
- Dereitos de imaxes, modelos, música, locutores e demais elementos necesarios para a realización da campaña.
- As artes finais de todas as pezas incluídas dentro dos traballos, así como, todo o relacionado coa produción dos materiais (fotografías, rodaxes, contidos, etc.)
- Canal youtube: creación dunha canle en youtube para dar a máxima difusión aos vídeos xerados, da súa xestión ocupárase o Concello.

#### 4.2. PLANIFICACIÓN E COMPRA DE MEDIOS PARA A EMISIÓN DO SPOT

##### BRIEFING DE MEDIOS (para a planificación e compra de medios para a emisión do spot)



A) Datos identificativos:

Cliente: Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo

Campaña: A Romanidade, o Lugo romano é algo máis que a muralla, debaixo da cidade actual escóndese a antiga *Lucus Augusti*.

Obxectivo: Reforzar a imaxe de Lugo como destino turístico no mercado galego e español, e xerar tráfico de turistas a Lugo.

Marca: Lugo, Muralla Romana Patrimonio de la Humanidad

Medios: Televisión

B) Público obxectivo

- Maiores de 16 anos con capacidade de realizar ao menos una viaxe ao ano e un core Target de poboación de 25 a 55 anos de clase social MM, MA e A con medio-alto nivel de formación. De hábitat urbano.
- Persoas interesadas no turismo cultural e na gastronomía de calidade. Perfil de viaxeiro interesado en desconectar dos grandes núcleos urbanos en escapadas familiares, en parella ou con amigos.
- Profesionais do sector turístico profesional.
- Persoas pertencentes ao núcleo urban dos mercados seguintes por orde de prioridade: Castela e León, Asturias, Madrid, Cataluña e País Vasco resto de CCAA e as 7 cidades galegas.

C) Período de difusión de campaña: a campaña publicitaria estará vixente do 15 ao 31 de marzo de 2011.

D) Táctica de medios. Televisión:

- Ámbito: nacional, autonómico e provincial.
- Selección de soportes. Serán cadenas con emisión en aberto de cobertura nacional, as autonómicas e as locais, incluíndo as desconexións rexionais de televisións públicas e privadas, atendendo aos mercados prioritarios por este orde: Castela e León, Asturias, Madrid, Cataluña e País Vasco. Resto de CCAA e as 7 cidades galegas.
- Formato: convencional/versión de spot de 30"
- Posicionamento: como mínimo, un 50% en Prime Time nos programas de máxima audiencia
- Datos cuantitativos a presentar:
  - o **Calendario** ou óptico que reflecta os días, horas e programas xunto co número de emisións en cada cadena, así como, o total

dos spots planificados. O número de emisións do spot deberá ser similar.

- o **GRP's**(=*Cobertura(expresada en %)**x Frecuencia Media*), contactos, cobertura e frecuencia obtidos coa planificación proposta (presión semanal, total e por cadenas).

E) Estratexia de medios: aquela que permita xerar un maior número de contactos, lograr un maior grao de afinidade co público obxectivo da campaña e obter maior presión en termos de GRP e cobertura durante o período de campaña.

F) Avaliación e seguimento: o adxudicatario deberá presentar informes de seguimento co fin de garantir que os obxectivos iniciais da campaña se estean cumprindo, así como, un informe final de campaña onde se mostre que os obxectivos iniciais establecidos no plan de soportes foron cumpridos.

## 5. REQUISITOS TÉCNICOS DA PROPOSTA.

Os **licitadores deberán presentar** a documentación relacionada cos criterios de adxudicación relativos á proposta técnica a que se refire a cláusula 10 do presente prego, contendo todos os elementos que a integran, e en particular os **documentos e información que a continuación se detallan:**

### 5.1. PROPOSTA DE CREATIVIDADE, PRODUCCIÓN E EDICIÓN DO AUDIOVISUAL:

5.1.1. Deseño, creatividade e guión. Enfoque e visión do licitador respecto da base argumental en base ao especificado nos anexos I e II. Entregarán unha ou varias maquetas (máximo 3) e o correspondente *story-board* (guión técnico e literario), así como toda a información que estimen conveniente. Entregarán un esquema básico para un posterior guión, si se propón a incorporación de prescriptores anónimos ou coñecidos pola sociedade galega, terán que describir pormenorizadamente quenes serían e aportar os diferentes diálogos etc. para poder valorar a proposta correctamente. Valorarase que acheguen unha proposta da música a empregar que poderá ser orixinal, ou ben temas existentes no mercado. Deberá estar relacionada tanto co ritmo como coa temática do guión proposto e deberá especificarse o autor ou autores escollidos para a súa realización ou, no caso de existiren no mercado, deberá relacionarse o tema ou temas e os autores.

Descrición dos diferentes procesos de preparación, produción e posprodución incluíndo todos os elementos que crean convenientes e especialmente aqueles que pola súa relevancia aporten valores diferenciadores.

5.1.2. Espectacularidade, impacto visual e enfoque publicitario.

Enfoque da idea publicitaria creativa e o seu desenvolvemento no guión: orixinalidade, impacto e capacidade para ser distinguida, recoñecida e recordada polo público obxectivo.

5.1.3. Recursos humanos e materiais. Relación detallada dos medios persoais e materiais que os licitadores se comprometan a adscribir para a execución do contrato, con expresión da súa experiencia na execución de traballos similares ao do presente concurso

5.1.4. Cronograma dos traballos a realizar. O licitador expresará o alcance dos traballos a realizar, incluíndo as tarefas a desenvolver e os produtos a xerar. O licitador detallará a metodoloxía para o desenvolvemento dos traballos e xustificará debidamente o prazo de execución establecido na cláusula sexta. Presentarase un cronograma pormenorizado en función das fases do proxecto (a creatividade, produción e edición do audiovisual), con detalle dos traballos a realizar en cada unha delas, presentarase un calendario con fases, fitos e documentación asociada para executar as tarefas correspondentes a cada fase coa finalidade de garantir que a execución dos traballos obxecto do prego se realice e entregue nos prazos e datas establecidas. Proporcionarase unha relación detallada dos perfís involucrados no proxecto, así como do seu grao de participación en cada fase do mesmo.

5.2. PLANIFICACIÓN E COMPRA DE MEDIOS PARA A EMISIÓN DO SPOT: A planificación de medios deberá xerar o maior número de contactos, lograr un maior grao de afinidade co público obxectivo da campaña e obter maior presión en termos de Grp e cobertura durante a súa vixencia.

5.2.1. Proposta de medios seleccionados. Detallará a selección de soportes, e serán cadenas de televisión con emisión en aberto de cobertura nacional, as autonómicas e as locais, incluíndo as desconexións rexionais de televisións públicas e privadas, atendendo aos mercados prioritarios por este orde: Castela e León, Asturias, Madrid, Cataluña e País Vasco. Resto de CCAA e as 7 cidades galegas.

5.2.2. Posicionamento. Será como mínimo, un 50% en Prime Time nos programas de máxima audiencia

5.2.3. Número de emisións en cada medio e cronograma da campaña. Presentarase un calendario ou óptico que reflecta os días, horas e programas xunto co número de emisións en cada cadena así como o total dos spots planificados. O número de emisións do spot deberá ser similar.

5.2.4. GRP's obtidos coa planificación proposta

(GRP's = Cobertura (expresada en %) x Frecuencia Media), contactos, cobertura e frecuencia obtidos coa planificación proposta (presión semanal, total e por cadenas). Todos os GRP's se presentarán en formato 30".

No caso de que algún licitador non achegara a documentación relativa a algún dos criterios a que se refire este punto 5, ou este non contén todos os requisitos esixidos nos parágrafos anteriores, a proposición do devandito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate. Para ser tida en conta, a dita documentación deberá estar subscrita na súa totalidade polo licitador, ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran, segundo a orde establecida, asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. O Concello de Lugo, resérvese a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitude de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven.

Cada licitador poderá presentar só unha proposición en relación co obxecto do contrato, sen que se poidan presentar variantes ou alternativas

## 6. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

O adxudicatario deberá executar os traballos de realización da creatividade, produción e edición do audiovisual e emisión do spot publicitario, nun prazo máximo de 2 meses, a contar dende o día seguinte da formalización do contrato e como data tope ata o 15 de abril de 2011.

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refª: proposta servizo campaña promocion audiovisual

Asunto: proposta



Antes do inicio da emisión do spot (15 de marzo de 2011), unha vez revisado o traballo e coa conformidade da Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo, a empresa adxudicataria suministrará o seguinte material, correspondente aos traballos de creatividade, produción e edición do audiovisual, entregarán:

| ENTREGAS                                                                               | FORMATO                                                                                  | Nº COPIAS    | IDIOMA                   |
|----------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|--------------------------|
| <u>Audiovisual 7'</u>                                                                  | Master <u>Audiovisual 7'</u> en formato dixital de máxima calidade e copia de seguridade | 1 orixinal   | En idioma de grabación   |
|                                                                                        | DVC PRO 50, calidade Broadcast                                                           | 5            | galego, español e inglés |
|                                                                                        | web flv cunha resolución de 450x240                                                      | 2            | galego, español e inglés |
| <u>Audiovisual 4'</u>                                                                  | Master <u>Audiovisual 4'</u> en formato dixital de máxima calidade                       | 1 orixinal   | En idioma de grabación   |
|                                                                                        | DVC PRO 50, calidade Broadcast                                                           | 5            | galego, español e inglés |
|                                                                                        | web flv cunha resolución de 450x240                                                      | 2            | galego, español e inglés |
| <u>Spot 30"</u>                                                                        | Master <u>Spot 20/30'</u> en formato dixital de máxima calidade                          | 1 orixinal   | En idioma de grabación   |
|                                                                                        | DVC PRO 50, calidade Broadcast                                                           | 5            | galego, español e inglés |
|                                                                                        | web flv cunha resolución de 450x240                                                      | 2            | galego, español e inglés |
| Audiovisual de 7' versións especiais adaptadas para discapacitados auditivos e visuais |                                                                                          | 1 orixinal   | galego, español e inglés |
| DVD con menú de los 3 audiovisuais (de 7', de 4' y spot de 30")                        |                                                                                          | 2.000        | galego, español e inglés |
| Master cuña de radio de máximo 30"                                                     |                                                                                          | orixinal     |                          |
| Pezas creativas on line                                                                | para diferentes formatos 970 X 318 / 592 X 94 / 179 X 77 / 179 X 157                     | orixinal     |                          |
| 2 orixinais para                                                                       |                                                                                          | Artes finais |                          |

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refª: proposta servizo campaña promocion  
audiovisual

Asunto: proposta



|                                                                                             |  |          |  |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|--|----------|--|
| páxina en cor e media<br>páxina                                                             |  |          |  |
| Selección de imaxes<br>de aproximadamente<br>10', sen música,<br>locucionado nin<br>diálogo |  | orixinal |  |

Ademáis entregaránse:

- Dereitos de imaxes, modelos, música, locutores e demais elementos necesarios para a realización da campaña. O adxudicatario garante a creación ou adquisición dos dereitos, sen límite temporal nin territorial, de todos os materiais gráficos, de imaxe, textuais e sonoros que se poideran derivar da execución do presente contrato. A empresa adxudicataria entregará os certificados de cesión de dereitos.
- As artes finais de todas as pezas incluídas dentro dos traballos, así como todo o relacionado coa produción dos materiais (fotografías, rodaxes, contidos, etc.)

Trala emisión do spot e antes do 15 de abril, unha vez revisado o traballo e coa conformidade da Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo, a empresa adxudicataria entregará os informes seguintes, correspondentes aos traballos de planificación e compra de medios para a emisión do spot, entregarán:

- Un informe Post Campaña á finalización da mesma. O informe seguirá a metodoloxía que defina o adxudicatario, e recollerá características xenéricas como: notoriedade, impacto, vinculación, persuasión e recordo. Tamén recollerá características específicas como: recordo espontáneo, recordo suxerido, mensaxe lograda, atractivo, sensacións e puntos débiles e fortes.

## 7. EQUIPO DE TRABAJO

O licitador incluírá na súa oferta o persoal proposto para o proxecto e as condicións de control que aseguren a correcta dotación do proxecto e a súa garantía de estabilidade. As empresas deberán aportar, a descrición do seu equipo técnico e instalacións, así como equipo humano que intervirá na realización do audiovisual, con expresión da súa experiencia na execución de traballos similares ó do presente concurso. Por parte do licitador nombrarase un Director de equipo que coordinará os traballos e que actuará como interlocutor coa Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo, quen á súa vez designará aos técnicos que supervisarán os traballos a realizar.

O Director de equipo da empresa adxudicataria deberá asistir as reunións ás que sexa convocado a tal fin, pola Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo.

Elaborarase un cronograma pormenorizado en función das fases do proxecto (a creatividade, produción e edición do audiovisual e a planificación e compra de medios para a emisión do spot), con detalle dos traballos a realizar en cada unha delas, presentarase un calendario con fases, hitos e documentación asociada para executar as tarefas correspondentes a cada fase coa finalidade de garantir que a execución dos traballos obxecto do prego se realicen e entreguen nos prazos e datas establecidas. Proporcionarase unha relación detallada dos perfís involucrados no proxecto, así como do seu grao de participación en cada fase do mesmo. Elaboraranse periódicamente documentos de seguemento intermedio do proxecto, nos que se valorará o seu avance nas diferentes fases e o grao de cumprimento dos obxectivos prefixados.

## **8. CONTROL DOS TRABALLOS**

Unha vez adxudicada a contratación, calquera modificación nas características do proxecto aprobado, ou variación na interpretación das cláusulas establecidas, en aras do mellor cumprimento da finalidade da contratación durante a súa execución, deberá ser aprobada previamente polos técnicos da Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo, que servirán á súa vez de interlocutores técnicos na execución do contrato coa empresa adxudicataria. Durante a realización dos traballos obxecto do contrato, poderanse efectuar pola Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo cantas suxestión e propostas de modificación se consideren necesarias para o bo fin da campaña de promoción. A Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo non aprobará o audiovisual ata tanto o boceto presentado sea da súa conformidade. O adxudicatario non poderá executar modificación algunha na realización dos traballos, sen a debida aprobación polos técnicos competentes da Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo.

## **9. CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E IMAXE**

A empresa adxudicataria garante a creación ou adquisición dos dereitos, sen límite temporal nin territorial, de todos os materiais gráficos, de imaxe, textuais e sonoros que se poideran derivar da execución do presente contrato. A empresa adxudicataria enviará os certificados de cesión de dereitos á Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo, que non estará

obligada a abonar ningunha cantidade complementaria pola cesión de tales dereitos, o precio pola cesión de dereitos atópase incluído no da licitación.

A Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo será propietaria da creatividade, unha vez adxudicada, así como de todos os conceptos, imaxes e ideas que integren a mesma, reservándose o formato orixinal de produción e a facultade de levar a cabo cantas reproducións considere convenientes para a súa difusión, exhibición ou calquera forma de divulgación. Incluídas as telemáticas e informáticas, cedendo a empresa adxudicataria todos os dereitos de propiedade sobre a creatividade de referencia, con carácter exclusivo e sen limitación temporal ou especial algunha. O adxudicatario no poderá utilizar para sí, nin para terceiros, dato algun sobre o traballo contratado, nin publicar total ou parcialmente o seu contido sen autorización expresa do Concello de Lugo.

A propiedade intelectual do audiovisual corresponde exclusivamente á Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo, tanto en caso de finalización do contrato como de resolución anticipada do mesmo, podendo utilizar por si mesmo ou a través de terceiras persoas físicas ou xurídicas e da forma que estime máis conveniente para os seus intereses, calquera imaxe ou elementos utilizados. A este respecto, o contratista queda obrigado a ceder sen limitación ningunha todos os elementos que incorporase á materialización da gravación, incluíndo material intermedio: gravacións, fotos fixas, material intermedio informático, etc...

O contratista non poderá facer uso do vídeo nin realizar ningún tipo de reprodución nin comercialización á marxe do establecido no presente prego de prescricións técnicas, salvo autorización escrita da Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo.

Todos os dereitos de propiedade intelectual, dereitos de imaxe e dereitos de publicación que poidan derivarse da execución desta contratación, pasarán a ser propiedade da Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo.

En especial, o vídeo resultante dos traballos contratados pasará, na súa integridade, a ser propiedade da Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo, podendo esta utilizalo tantas veces e onde lle conveña, ceder ou facilitar total ou parcialmente o traballo en cuestión, quedando prohibida a utilización polo adxudicatario do traballo realizado, incluídas as tomas que fosen rexeitadas, ao que só lle estará permitido en casos excepcionais con consentimento escrito e previo da Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo. Todo o material filmado deberá ser entregado no momento da recepción do traballo realizado. As imaxes facilitadas pasarán con todos os dereitos á propiedade da Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo.



Así mesmo, e se fose necesaria a contratación de modelos, éstos deberán ceder a perpetuidade os seus dereitos de imaxe nas mesmas condicións que para os dereitos do vídeo. Os créditos contemplarán o Copyright do Concello de Lugo.

#### **10. CRITERIOS PARA A VALORACIÓN E ADXUDICACIÓN.**

Para a adxudicación valoraranse, conforme ao punto 5 do presente prego, os seguintes aspectos, ordenados de maior a menor, e ata un máximo de 100

#### **PROPOSTA TÉCNICA: ATA 90 PUNTOS desglosados**

##### **Proposta de creatividade, produción e edición do audiovisual: ata 58 puntos desglosados como segue:**

- Deseño, creatividade e guión.....ata 16 puntos
- Espectacularidade, impacto visual e enfoque publicitario.....ata 16 puntos
- Recursos humanos e materiais.....ata 14 puntos
- Cronograma de traballo .....ata 12 puntos

##### **Planificación e compra de medios: ata 32 puntos**

- Proposta de medios seleccionados en función da prioridade dos mercados obxectivo .....10 puntos, coa seguinte distribución:
  - Cadenas de cobertura nacional: 5 ptos.
  - Cadenas de cobertura autonómica: 3 ptos.
  - Cadenas de cobertura local: 2 ptos.
- Posicionamento: como mínimo, un 50% en Prime Time nos programas de máxima audiencia.....  
.. 10 puntos
- Número de emisións en cada medio vinculadas ao cronograma da campaña.....6 puntos
- GRP'S.....  
....6 puntos

#### **PROPOSICION ECONÓMICA: ATA 10 PUNTOS.**

A valoración da oferta económica efectuaráse de conformidade coa seguinte formulación:

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refª: proposta servizo campaña promocion audiovisual

Asunto: proposta



$$\text{Puntos oferta n} = \frac{10 \times \text{prezo mellor oferta}}{\text{Prezo oferta n}}$$

Soamente se procederá a abrir o sobre C, se na suma dos criterios da proposta técnica (Proposta de creatividade, produción e edición do audiovisual + Planificación e compra de medios) se alcanzan un mínimo de 45 puntos

**11. CADRO RESUMO DE PLAN DE MEDIOS.-** Solicítase que se cubra a seguinte tabla.

| Medios seleccionados<br>(cadenas de TV) | N° emisións en cada medio vinculadas al cronograma |            |       |           | Posicionamiento | GRP's (Cobertura(expresada en%)x Frecuencia Media) |
|-----------------------------------------|----------------------------------------------------|------------|-------|-----------|-----------------|----------------------------------------------------|
|                                         | N° emisións en cada medio                          | Cronograma |       |           |                 |                                                    |
|                                         |                                                    | días       | horas | programas |                 |                                                    |
|                                         |                                                    |            |       |           |                 |                                                    |
|                                         |                                                    |            |       |           |                 |                                                    |
|                                         |                                                    |            |       |           |                 |                                                    |
|                                         |                                                    |            |       |           |                 |                                                    |

**COMISIÓN DE VALORACION**

Para a valoración da **Proposta técnica relativa ós criterios de adjudicación non avaliados automáticamente** e tendo en conta o sinalado no artigo 134 da LCSP, deberá constituírse un **comité formado por expertos na materia** non integrados no órgano proponente do contrato que serán tres técnicos competentes do Concello de Lugo ou, se non fora posible, por tres profesionais con coñecementos na materia, ó que corresponderá a avaliación das proposicións conforme ós criterios sinalados. Os membros do comité serán designados por resolución da Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego.

O Comité de Expertos disporá dun prazo de dez días hábiles dende a solicitude do informe, para efectuar a valoración e levantar a acta correspondente que será remitida á Mesa de Contratación que procederá á apertura, en acto público, dos sobres (C) **Proposición económica e relativa a criterios avaliados automáticamente** e á súa valoración.

## **SOLVENCIA TÉCNICA**

A solvencia técnica ou profesional do empresario poderá acreditarse por todos os medios seguintes:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos de natureza similar aos que se describen no presente contrato, realizados no curso dos tres últimos anos, que inclúa descripción da actividade desenvolvida, importes similares aos de este contrato, datas e beneficiarios, públicos ou privados dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por éste ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estos certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.
- Informe das titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
- Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.
- Compromiso de adscribir á execución do contrato os medios pessoais ou materiais suficientes para elo.
- Relación numerada dos documentos aportados.

## **12. PAGO**

O Concello de Lugo aboará á empresa adxudicataria a realización dos traballos encomendados, contra presentación da correspondente factura e previa entrega e conformidade da execución do contrato, pola Concellería de Deportes e Turismo do Concello de Lugo.

O importe da adxudicación abonarase da forma seguinte:

- O 50% ó terminar os traballos de produción dos audiovisuais obxecto do contrato ofertados polo adxudicatario.
  - O 50% restante, despois de finalizar a campaña de medios e emisión.
- Caso de incumprimento polo contratista das obrigacións derivadas do contrato, ditas responsabilidades exercitaranse sobre a garantía definitiva.

En todos os casos, os pagos realizaranse previa presentación da seguinte documentación:

- Facturas
- entregas relacionadas no punto 6 deste prego

### **13. SANCIONES Ó CONTRATISTA**

O adxudicatario estará obrigado a cumprir os prazos fixados para a entrega do obxecto do contrato. Se o adxudicatario por causas imputables ó mesmo, incumplise ditos prazos, o Concello de Lugo poderá optar indistintamente pola resolución do contrato con perda da fianza ou pola imposición de penalidades conforme ó art. 196 LCSP.

A aplicación e o pago de ditas penalidades non exclúen a indemnización á que o Concello de Lugo poida ter dereito por danos e perxuízos ocasionados por mor do atraso imputable ó contratista.

### **14. CONDICIÓNES ESPECÍFICAS DAS PRESTACIÓNES**

#### **A. CONFIDENCIALIDADE E SECRETO PROFESIONAL:**

Toda a información facilitada pola Administración ou a obtida polo adxudicatario en relación co presente contrato terá carácter confidencial, debendo o adxudicatario gardar o debido segredo profesional con carácter indefinido, salvo que a Administración o autorice expresamente e para supostos concretos e determinados.

#### **B. PROTECCIÓN DE DATOS:**

O adxudicatario está obrigado a cumprir en todas as fases de desenvolvemento do contrato, na súa terminación e con posterioridade á mesma, a normativa sobre protección de datos de carácter persoal, sendo responsable de calquera infracción da mesma.

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Ref<sup>a</sup>: proposta servizo campaña promocion  
audiovisual

Asunto: proposta



**TERCEIRO.-** Aprobar o gasto de 170.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 43200.22799 do Orzamento xeral de 2011

**CUARTO.-** Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 141 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

**QUINTO.-** Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

Lugo, a 14 de xaneiro de 2011

A TÉCNICO DE ADMINISTRACION  
XERAL

O XEFE DE SERVIZO DE  
CONTRATACIÓN

Asdo. Ana Tabarés Martínez

Asdo. Manuel Louzao Aldariz

CONFORME  
A CONCELLEIRA DELEGADA

Asdo. Sonia Méndez García

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Ref:  proposta   servizo   campaña   promocion  
audiovisual

Asunto: proposta

